



O Software Libre nos concellos de Galicia

Edición 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Contidos

Ficha técnica


Análise de datos


Conclusións principais

páx. 3


páx. 5

páx. 25





Ficha Técnica



1. Ficha Técnica

Universo: Todos os concellos galegos (313 concellos)

Tamaño da mostra: 287 enquisas.

Período de referencia da enquisa: Último trimestre do ano 2023

Tipo de mostra: Estratificada. Segmentouse a mostra en función de dúas variables: número de habitantes e provincia. O deseño mostral é exhaustivo, pero ante a falta de resposta completa dalgúns estratos, foi preciso realizar unha ponderación posterior para a análise de datos.

Erro da mostra: no suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ($P=Q=0,5$) e cun nivel de confianza do 95,5%, o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é do 1,8%.

Tipo de entrevista: Cuestionario electrónico (Internet).

Periodicidade da enquisa: Cada dous anos.




Análise de datos

Software libre / software privativo nalgún equipo informático

Evolución do indicador

Concellos con Software de licenza libre / privativa nalgún equipo informático
(% sobre o total de concellos)




Evolución do
Software Libre:
Período 2015-2023:
+1,8%

No ano 2023, o **84,1%** dos concellos galegos dispón de software con licenza libre nalgún equipo informático, en ordenadores de usuario ou en servidores. Mantense estable a presenza, por enriba do 84%, nos últimos anos.

O software con licenza privativa está presente no 92% dos concellos galegos.

Software libre / software privativo nos ordenadores de usuario




Fonte: OSIMGA

O número de concellos que dispoñen só de software de licenza libre **nos ordenadores de usuario** no 2023 é do 10%, incrementado a súa presenza nun 23,5% dende o 2019 pero baixando un 1,8 puntos porcentuais nos últimos dous anos.

A porcentaxe de concellos que posúen tanto software de licenza libre como privativa **nos ordenadores de usuario** segue a reducirse pero manténdose por riba do 65%. Este fenómeno pódese relacionar co incremento de concellos que só posúen software de licenza libre ou só privativa.

Software libre / software privativo nos servidores




O número de concellos que posúen tanto software de licenza libre coma privativa **nos servidores** increméntase no ano 2023. O crecemento bianual deste indicador é do 26,1%, acadando un 56,6%.

Nesta edición un 10% dos concellos contan só con software de licenza libre **nos seus servidores**.

Barreiras no uso do Software Libre


Evolución do indicador
Barreiras no uso do Software Libre
(% concellos que non contan con software libre)



A complexidade ou risco de cambio é a principal barrera no uso do software libre nos concellos, que xunto coa “falta de provedores” é a única que crece. Síguelle a falta de persoal ou de cualificación (34%), o descoñecemento do software libre ou a falta de información (29,9%), ou a falta de formación (27,3%). Pero todas estas presentan tendencias descendentes.

Sistemas operativos e aplicacións informáticas libres en ordenadores de usuario e servidores

Concellos con sistemas operativos libres / aplicacións libres en ordenadores ou servidores
(% concellos con software libre en ordenadores / servidores)




Fonte: OSIMGA

O 51,5% dos concellos dispoñen de aplicacións libres nos ordenadores de usuario e o 46,4% en servidores. Con respecto aos sistemas operativos libres estes están máis presentes nos servidores dos concellos (42,7%) que nos ordenadores de usuario (34,1%).

Tipoloxía de licenza do software dispoñible en aplicacións informáticas de uso xeral

Tipoloxía da licenza do software dispoñible en aplicacións informáticas de uso xeral
(% concellos que dispoñen da aplicación informática correspondente)



Fonte: OSIMGA

Entre os concellos galegos as tendencias son dispares nos tipos de licenza para as aplicacións de software máis xeral. Como opcións máis escollidas temos:

- 75,2% só emprega software privativo nos Antivirus e software de seguridade, que tamén é a opción máis escollida en "xestor de correo electrónico" (41,8%).
- A presenza exclusiva do software de licenza libre é superior á privativa ou mixta nos navegadores de internet.
- En ofimática, ter software con ambos tipos de licenza é a situación que presenta maior cantidade de concellos (45,7%).

Valoración global do uso dos distintos tipos de licenza


O software libre obtén unha valoración lixeiramente inferior ao privativo por parte dos concellos galegos, cunha puntuación media do 6,8.

En ambos casos é unha valoración moi estable respecto á edición anterior.

Non debería ser percibido como un valor negativo: é significativo que a valoración do software libre estea tan cerca a privativo, unha opción con maior custe e opcións de actualización e personalización.


Valoración global do uso dos distintos tipos licenza de software

Escala empregada: 1 (valor máis baixo) a 10 (valor máis alto)
(Concellos con software libre)



Fonte: OSIMGA

Previsión da evolución do uso do software libre nos concellos en 1 ou 2 anos




Fonte: OSIMGA

En xeral, os concellos prevén que o uso do software de licenza libre vaise a manter no mesmo nivel nos próximos dous anos, tanto en servidores (45%) coma en ordenadores de usuario (43,8%). Nestes últimos obsérvase unha mellor perspectiva de uso nos próximos anos, xa que o 26% consideran que o uso do software de licenza libre aumentará nos ordenadores de usuario.

Formación informática recibida polo persoal da entidade no último ano

Formación informática recibida polo persoal da entidade no último ano
(% sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA


O 36,7% dos concellos facilitou formación aos técnicos ou encargados de actividades TIC no último ano. No caso da formación que os concellos facilitan ao persoal usuario, esa porcentaxe é case idéntica, do 37,3%.

Tipoloxía de formación informática recibida polo persoal da entidade local no último ano

Arredor da metade dos concellos opta por proporcionar formación tanto en software libre como en software privativo, tanto para o persoal técnico informático (59,1%) como para o persoal usuario (47,8%), polo que é a opción máis común.


Tipoloxía de formación informática recibida polo persoal da entidade local no último ano

(% concellos con persoal que recibiu formación)



Fonte: OSIMGA

Temática da formación informática en Software de licenza Libre recibida polo persoal da entidade local no último ano




Fonte: OSIMGA

Tanto no caso dos técnicos ou encargados das actividades coma do persoal usuario dos programas, a formación en Software Libre máis frecuente é a de ofimática.

Nivel de coñecementos de software de licenza libre dos encargados informáticos e persoal usuario

Nivel de coñecementos de software de licenza libre dos encargados informáticos e persoal usuario
(puntuación media sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA

A autoavaliación do nivel de coñecemento de software libre é bastante mellor entre os técnicos encargados das actividades informáticas (7,1) que entre o persoal usuario dos programas informáticos (5,1).

Tendo en conta a evolución respecto a 2021, o coñecemento entre os técnicos subiu 0,1 puntos medios, mentres que entre o persoal usuario esa subida foi do 0,4 puntos porcentuais.


Accións comerciais recibidas no último ano

As accións comerciais (visitas presenciais, información a través de teléfono, correo, etc.), tanto de provedores novos como antigos das entidades, aumenta a súa presenza nos concellos galegos nesta última consulta.

Son máis frecuentes as accións comerciais que se realizan no software privativo, co 38,2%, onde a presenza comercial incrementábase en 0,6 puntos porcentuais.


A escasa presenza comercial no software libre (só un 17%) relaciónase directamente cunha das principais barreiras de uso que sinalan os concellos, "Descoñecen o SL ou fáltales información" que sinalaban o 29,9% dos concellos galegos.

Accións comerciais recibidas no último ano
(% sobre o total de concellos)



Fonte: OSIMGA


Accións para promover o software de licenza libre nas entidades



Fonte: OSIMGA


O 74,1% dos concellos galegos demandan a formación aos usuarios coma a principal acción para a promoción do software libre. A este tipo de acción séguenlle tanto o asesoramento ao caso concreto e as demostracións de funcionamento dos produtos, nun 63,4% e 61,1% respectivamente.

Modalidade do xestor de contidos das entidades



O 52,5% dos concellos de Galicia que contan con xestor de contidos de portais e páxinas web optaron no ano 2023 pola modalidade de Software de licenza libre, superando así aos que empregan software privativo (50,4%).

Modalidade dos documentos descargables da páxina web



Fonte: OSIMGA


Entre os concellos que contan na súa páxina web con documentos descargables, o 57,6% opta exclusivamente polos estándares abertos, que crece con forza nesta edición da enquisa.

O 37% opta pola combinación de estándares abertos e pechados e unha minoría, 5,5%, só permite descargar documentos en estándares pechados.

Aplicacións Informáticas, programas e plataformas informáticas empregadas polos Concellos

Tipoloxía de licenza do Software nas aplicacións Informáticas que teñen/usan os concellos

(% concellos que contan con cada unha das aplicacións informáticas sinaladas)




Fonte: OSIMGA

No que respecta ás aplicacións especializadas nas distintas áreas e funcións municipais, nas que máis está presente o software de licenza libre é en sistemas de información xeográfica (47,1%), obras (37,3%), urbanismo (37,1%) e contratación (35,1%). Só no primeiro dos mencionados, o libre supera ao privativo.

Aplicacións Informáticas, evolución programas e plataformas informáticas empregadas polos Concellos

Tipoloxía de licenza do Software nas aplicacións Informáticas que teñen/usan os concellos: evolución 2021-2023

(% concellos que contan con cada unha das aplicacións informáticas sinaladas)




Fonte: OSIMGA

A evolución do uso de software de licenza libre é dispar nas diferentes áreas funcionais analizadas.

Aumenta en 8 áreas, acadando un crecemento de máis de 2 puntos porcentuais en xestión de multas, persoal e nóminas, xestión de tesourería, urbanismo e obras.

Aplicacións Informáticas, programas e plataformas informáticas empregadas polos Concellos

Aplicacións de Software libre ou Privativo que teñen/usan os concellos
(% concellos que contan con cada unha das aplicacións informáticas sinaladas)




As porcentaxes fan referencia ao software utilizado para xestión de Sistema de información xeográfica, contratación, obras, urbanismo, xestión de secretaría, xestión de expedientes, rexistro, xestión online de plenos, xestión de multas, inventario de patrimonio, xestión de policía, xestión de arquivo, padrón de habitantes, xestión tributaria, xestión de tesourería, persoal e nóminas ou contabilidade.

Fonte: OSIMGA

A aplicación de Software Libre máis utilizada nos Concellos nas áreas mencionadas na páxina anterior é con diferenza TEdEC /AL-SIGM (30,6%), mentres que Gestiona é a aplicación máis utilizada entre as aplicacións de Software Privativo, presente no 63,3% dos concellos galegos.



Conclusións Principais



Conclusións Principais

O **84,1%** dos concellos dispón de software de licenza libre nalgún equipo informático, en ordenadores de usuario ou servidores, **umentando 5,8 puntos** porcentuais dende o ano 2013.

O 51,5% dos concellos dispoñen de aplicacións libres nos ordenadores de usuario e o 46,4% en servidores. Con respecto aos sistemas operativos libres estes están máis presentes nos servidores dos concellos (42,7%) que nos ordenadores de usuario (34,1%).

Nas aplicacións informáticas de uso xeral, as tendencias son dispares: en antivirus a maioría é privativo (75,2%) pero en xestor de correo, navegador e ofimática, non son maioría as opcións de licenza libre, privativa nin ambos, senón que están repartidas.

No caso dos navegadores de internet, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre supera á que opta só por software privativo.

A **complexidade ou risco de cambio** (36,8%) é o argumento principal polo que os concellos non optan polas solucións de Software Libre nas súas entidades.

A maioría dos concellos opina que o Software Libre **manterá o uso** que posúe na actualidade, ao menos durante os próximos dous anos.

A **principal acción** que se demanda dende os concellos para a promoción do software libre é a **formación** aos usuarios nesta materia (74,1% dos concellos).

O **57,6%** dos concellos, que contan na súa páxina web con documentos descargables, opta exclusivamente por **estándares abertos**, e o 37% dos concellos emprega as dúas tipoloxías de estándares.

As aplicacións de sistemas de información xeográfica (47,1%), obras (37,3%), urbanismo (37,1%) e contratación (35,1%) son nas que máis usan a modalidade de Software Libre, destacando o **SIX que supera ao software privativo** (33,5%). A aplicación de Software Libre máis utilizada nos Concellos é con diferenza TEDec /AL-SIGM (30,6%).

O 84,1 % dos concellos dispón de software de licenza libre nalgún equipo informático (ordenadores / servidores)



No caso dos Navegadores de Internet, a porcentaxe de concellos que opta só por software de licenza libre supera á que opta só pola privativa.

A formación aos usuarios é a principal acción demandada dende os concellos para a promoción do software de licenza libre, así o destacan o 74,1% dos concellos.





AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA